



O CEIDA organiza unha xornada sobre Axendas 21 Comarcais

- A actividade terá lugar o 24 de abril no Castelo de Santa Cruz, en Oleiros, sede do CEIDA

Oleiros, 18 de abril de 2008.- O vindeiro xoves, 24 de abril, terá lugar no Castelo de Santa Cruz, no concello coruñés de Oleiros, a xornada **Experiencias exitosas en Axendas 21 Comarcais**. A actividade está organizada polo CEIDA – Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia – gracias á colaboración da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Deputación Provincial da Coruña, Terra das Mariñas, Agader e Fegamp.

Esta xornada está dirixida a técnicos e representantes de organismos, entidades ou asociacións liagadas ao ámbito local e implicados nos procesos de Axendas 21. Un dos obxectivos que pretende esta actividade é coñecer e divulgar as distintas experiencias de Axendas 21 desenvolvidas no Estado, facendo unha reflexión sobre a súa situación e os seus retos. O CEIDA espera que os relatores provoquen o estímulo para o inicio de novas Axendas 21 comarcais en Galicia.

Os interesados no seminario teñen máis información en www.ceida.org, educacion@ceida.org, ou no teléfono 981.630.618.

Saúdos,

Área de Información e Comunicación do CEIDA

O CEIDA, froito dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros, é o centro de referencia para a educación ambiental en Galicia; promove a educación ambiental en todos os sectores sociais e o intercambio científico e cultural; traballa na procura de solucións aos problemas ambientais e fomenta as boas prácticas cidadás neste eido.